



# BOP

LUNS, 6 DE AGOSTO DE 2018

N.º 179

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA.  
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

José Benito Aneiros López solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.59890.

As obras solicitadas consisten no acondicionamento do predio situado na parcela 28, subparcela 2, do polígono 11 da concentración parcelaria do Val de Alfoz (agregado 0, zona 0, polígono 110, parcelas 287, 10286, 10285 e 20285 do catastro), na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Fachelas, na parroquia de Santiago de Adelan, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 16 de xullo de 2018.- O xefe do servizo territorial P.S. 01/06/2018.- O xefe do servizo territorial Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias

R. 2127

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Sandra Amieiro Blanco solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.61766.

As obras solicitadas consisten na autorización para a execución do proxecto de rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar con referencia catastral F01300300PJ42D0001KL e edificacións auxiliares situadas nos predios con referencias catastrais 27005A012002730000UD e 27005A012002710000UK; no lugar de Sarxende, na parroquia de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 16 de xullo de 2018.- O xefe do servizo territorial P.S. 01/06/2018.- O xefe do servizo territorial Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias

R. 2128

**CONCELLOS****BECERREÁ***Anuncio*

Formulada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral, correspondente ó exercicio 2017, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mesmo os interesados lexitimados, poderán examinala e formula-las reclamacións, reparos e alegacións que estimen pertinentes, no prazo de exposición e nos oito días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 116, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Becerreá, 30 de xullo de 2018.- O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 2186

**CARBALLEDO***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2018 aprobouse o padrón fiscal do servico de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2018.

O importe total do padrón ascende a DOCE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS E DEZANOVE CÉNTIMOS DE EURO (12.541,19€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 01 de agosto de 2018 ao 01 de outubro de 2018** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 2º trimestre 2018.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 600

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

**IMPORTE TOTAL: Auga 8.936,50 €; IVE: 893,65 €; Canon Xunta Cota fixa: 1.338,96 €; Canon Xunta Cota Variable: 1.372,08 €, Total importe padrón: 12.541,19 €**

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 13 de xullo de 2018.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

R. 2130

## CERVANTES

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobados por Decreto de Alcaldía de data 30 de xuño de 2018, os padróns que a continuación se relacionan, se expoñen ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (2º trimestre de 2018).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (2º trimestre de 2018).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do Concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán lles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 23 de xullo de 2018.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín

R. 2150

---

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo 2018 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 7/2018 baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais e baixas doutras partidas polo importe de 73.320,97 € .

O expediente exponese ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Cervantes, 30 de xullo de 2018.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín

R. 2187

---

## FOZ

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 19 de xullo de 2018, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de maio e xuño de 2018, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no

B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados. O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 23 de xullo e o 23 de setembro de 2018. Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 21 de xullo de 2018.- O alcalde, Javier Jorge Castiñeira

R. 2131

---

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XOVE

#### *Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2018-0439 DO 27 DE XULLO DE 2018 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO TORNEO DE PÁDEL SAN BARTOLO

BDNS(Identif.):410385

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquera persoa en idade adulta.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto que estará a disposición do interesado na Oficina de Información Xuvenil e nas instalacións de IG10, S.L., empresa que xestiona o torneo, ubicada en Rúa do Perdouro, 37, Burela (Lugo). Igualmente poderán realizarse inscricións por teléfono formalizándose posteriormente no momento de xogar o primeiro partido. Do mesmo xeito, a ficha colgarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do concello: <http://xove.sedelectronica.gal>

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Torneo de padel "San Bartolo", organizado polo Concello de Xove, que se celebrará dos días 20 a 24 de agosto.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Os premios serán os seguintes:

CATEGORÍAS MASCULINA E FEMININA:

-Primeiro premio: 320 € parella

-Segundo premio: 180 € parella

-Consolación: 50 € parella

CATEGORÍA MIXTA:

-Primeiro premio: 225 € parella

-Segundo premio: 125 € parella

-Consolación: 50 e parella

---

Os premios consistirán en lotes de material deportivo.

En caso de non existir parellas suficientes en algunha categoría, poderán realizarse outras subcategorías.

O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre o resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de participantes.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

XOVE, 30 de xullo de 2018.- O ALCALDE.- JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA

R. 2185

---